

2.- OBRADOIRO de orientación laboral.

As políticas de promoción de emprego constitúen un punto de referencia obrigado na actuación dos poderes públicos no conxunto dos estados da EU, como medio indispensable para permitir a participación activa dos cidadáns no benestar social.

Un dos retos imperativos que se lle presentan ao III Plan estratéxico de xuventude, Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega, é facilitar o acceso ao mercado laboral da mocidade galega a través da mellora das súas capacitacións profesionais, á vez que proporcionar os medios necesarios para poder facer compatible o desenvolvemento profesional coas esixencias da vida persoal e familiar, para o que se pon á disposición da xente moza os suficientes recursos e servizos para a súa consecución.

Contidos:

- Introducción sobre as técnicas de busca de emprego
 - Autoavaliación do candidato: análise DAFO.
 - Coñecemento do mercado laboral xuvenil: posibles nichos de emprego.
 - Medios para atopar emprego.
 - Programa Emprende, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- Ferramentas para a busca de emprego
 - Currículo: modelos.
 - Carta de presentación.
- A entrevista de traballo.